

## **Marzo, iguarzo. Achega aos refráns mínimos galegos<sup>12</sup>**

**Marzo, iguarzo. Contribution to Galician minimal proverbs**

Joan Fontana i Tous

Universitat de Barcelona

joan\_fontana@ub.edu

Resumo: Este artigo céntrase nos *refráns mínimos* galegos, é dicir, nas unidades paremiolóxicas con sentido pleno, formuladas ás veces con verbo explícito e outras, elidido, que se expresan co mínimo número posible de compoñentes. No caso do galego, fomos quen de atopar setenta e oito *refráns mínimos* compostos por dous únicos elementos. En primeiro lugar, analizamos e dividimos estes refráns en diversos apartados: meses do calendario (concretamente, xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, agosto e setembro), de cariz moral (capítulo en que destacan os que aluden de maneira despectiva ao casamento), gastronómicos e con topónimo. O artigo complétase cun *Apéndice* que intenta presentar claramente o corpus de estudo a través da ordenación alfabética de todos os refráns analizados, así como da presentación das diferentes variantes recollidas. Neste sentido, coidamos que a información contida no *Apéndice* pode resultarles útil aos investigadores que desexen profundar neste peculiar tipo de paremias galegas.

Palabras clave: *refráns mínimos*, refraneiro galego, refráns do calendario.

*Abstract: This article is about minimal Galician proverbs. Whether with an explicit or an elided verb, they all retain their paremiological meaning. In the Galician language, we found seventy-eight proverbs with two elements. We analysed and classified these sayings into the following categories: by months of the year (January, February, March, April, May, June, August and September), by moral character (highlighting the proverbs referring to weddings with contempt), by gastronomy and by toponymy. The article is completed with an Appendix presenting the corpus of all the analysed proverbs in alphabetical order, with all their other variations. In this regard, we think that*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 31.07.2018. Data de aceptación: 08.12.2018.

<sup>2</sup> A nosa gratitude a Manuel González, que nos permitiu o acceso á Biblioteca coruñesa da Real Academia Galega; tamén a Fernando Pereira e Lois Bande pola súa amabilidade e eficacia durante as pescudas paremiolóxicas realizadas alí. Así mesmo, agradecemos a Xosé Afonso Álvarez, Lois Bande, Xesús Ferro, Manuel González e Malores Villanueva a aclaración dalgúns refráns opacos, e a José Enrique Gargallo e Malores Villanueva a concienciada lectura deste artigo. Á derradeira, ademais, debemos a xentil corrección gramatical do noso galego.

*the information contained in the Appendix might be useful for researchers who wish to know more about these peculiar proverbs.*

*Keywords: minimal proverbs, Galician proverbs, months of the year proverbs.*

## 1. Introducción

*Os refráns non están suxeitos a medida e, polo tanto, hainos longos e curtos; ás veces os demasiado longos son verdadeiras agrupacións deles ordenados arredor dun só concepto. Entre os primeiros pódense citar algúns como Agardar a quen non vén, ter lei a quen non a ten; Darlle un bico a unha vella e falar con desentendido éche tempo perdido ou Labrador sin carro, can sin amo, curro sin valado e nena sin amor sonche a cousa pior<sup>3</sup>. En oposición ós anteriores pódense recordar Ou andar ou ornear; Agosto, frío no rostro; Ruín feira, corda baleira; etc. (Cañada 2003: 51, s. v. refrán).*

Os tres refráns “curtos” propostos por Cañada fórmulanse todos a través de catro compoñentes; agora ben, para exemplificar cales son os refráns máis breves do galego, tería sido posible atopar paremias de tres ou mesmo de dous elementos? Folleando o terceiro tomo da vetusta obra de Antonio de la Iglesia *El idioma gallego, su antigüedad y vida* (1886), chamounos a atención o exíguo apartado dedicado aos refráns<sup>4</sup> (Iglesia 1886: 201-227) e, máis concretamente, unha paremia en particular, *Marzo [I]<sup>5</sup> Iguarzo* (1886: 212), que nos demostra a existencia de refráns galegos de dous compoñentes. Loxicamente, esta extensión é a mínima formulación parémica posible para que entre os dous elementos se poida establecer unha relación baseada na caracterización, a consecuencia..., moitas veces coa axuda da rima, como na citada paremia.

Propoñemos, así pois, a denominación *refrán mínimo* para a unidade paremiolóxica con sentido pleno, formulada ás veces con verbo explícito e outras elidido, que se expresa co mínimo número posible de compoñentes. Atendendo á idiosincrasia de cada lingua, os *refráns mínimos* dependen de tres criterios: o morfolóxico (pensemos no pasado sintético galego; por exemplo, *cantou*, en oposición a outras linguas como o castelán, o catalán, o francés, o italiano, o romanés... que dispoñen da dobre posibilidade de pasado, sintético ou analítico: *cantó/ha cantado*, *cantà/va cantar/ha cantat*, *il/elle chanta/a chanté*, *cantò/ha cantato* ou *cântă/a cântat*, respectivamente), o ortográfico (como proba, a forma *fixoma*, onde os dous pronomes, alén de seren enclíticos, se engaden

<sup>3</sup> A anterior edición en castelán engade outro exemplo aínda máis longo: *Hai tres clases de matrimonio: varón, varela e varicunca; varón, manda il e ela non; varela, il non manda e manda ela; varicunca, manda ela, il nunca, e iste é o que máis abunda* (Cañada 1974: 122, s. v. refrán). Este refrán, con algunha variante, atópase, por exemplo, en Zamora (1972: 117), Sesto (1976: 30, núm. 518) ou Moreiras (1978<sup>2</sup>: 33); e, en portugués, en Machado (2011<sup>4</sup>: 265).

<sup>4</sup> Os douscentos trinta e un refráns presentados neste volume van precedidos pola seguinte glosa: “La ciencia popular de la vida agrícola y marinera de Galicia se reconoce tradicionalmente comunicada con los preceptos y refranes de la lengua, en la siguiente forma” (Iglesia 1886: 201-202). Cómpre sinalar que Cañada (1974: 122, s. v. refrán) cita a obra de Antonio de la Iglesia entre “las colecciones más importantes”.

<sup>5</sup> A barra inclinada entre corchetes indica salto de liña no orixinal.

ao verbo sen guión nin apóstrofo)<sup>6</sup> e mais o pragmático (é dicir, o uso dunha expresión máis breve no lugar doutra sinónima máis longa). Un dos criterios mencionados, dous deles ou a combinación dos tres, determinará a personalidade dos *refráns mínimos* das diversas linguas, nas que, polo tanto, non se pode establecer un número “canónico” de elementos constitutivos, xa que este pode oscilar significativamente dunha a outra realidade lingüística.

A teor do anteriormente exposto, o presente artigo pretende ofrecer unha primeira análise a partir dun corpus de setenta e oito *refráns mínimos* constituídos por dous únicos compoñentes<sup>7</sup>, que presentamos nun corpus (véxase o *Apéndice*) precedido dun breve estudo.

## 2. Refráns mínimos de dous elementos

*Ellos [Los refranes] son un ejemplo vivo (...) de lo que alcanza nuestro pueblo en lo tocante al buen sentido práctico que tan profundamente le domina. Su forma breve y espontánea y su espíritu sentencioso se acomoda á la gravedad del carácter gallego, y como en este país el género popular fue y es harto cultivado, de aquí que el refran haya sido una de las mas fecundas y ricas manifestaciones de nuestro pueblo (sic) (Murguía 1865: 571-572).*

Seguindo, pois, a reflexión de Murguía e tendo en conta que os refráns son “as expresións nas que máis vivamente se reflicte o xenio e a índole dunha lingua” (Cañada 2003: 51, s. v. *refrán*), e que, no caso que agora nos (pre)ocupa, transmiten “o modo de pensar dos galegos, mais en «píldoras»” (Moreiras 1978<sup>2</sup>: 17), non debería abraiarnos que o talante do pobo galego, así como a súa característica, e nunca abondo loada, “retranca”, ás veces teña cristalizado o seu secular acervo na máxima brevidade paremiolóxica posible, é dicir, en *refráns mínimos* de dous compoñentes. Neste artigo, ofrecemos setenta e oito paremias, extraídas dos diversos refraneiros galegos que figuran entre as referencias bibliográficas; porén, para deixarmos constancia de todas as obras que foron baleiradas para este traballo<sup>8</sup>, tamén incluímos na bibliografía algúns refraneiros galegos que, salvo erro ou omisión pola nosa parte, non conteñen ningún *refrán mínimo* de dous elementos (información que non consideramos superflua)<sup>9</sup>.

<sup>6</sup> O exemplo galego, *fixoma*, en catalán pasaría a tres compoñentes: *me la féu* (coa forma sintética do pasado); ou mesmo a catro: *me la va fer* ou *va fer-me-la* (empregando o pasado analítico).

<sup>7</sup> Recoñezamos que a nosa intención primixenia era ofrecer os refráns galegos de dous e tres compoñentes; porén, despois de ter baleirados os diversos refraneiros (cfr. as *Referencias bibliográficas*), decatámonos de que o número de paremias de dous elementos non era nin moito menos testemuñal; ao contrario, por exemplo, do asturiano, lingua na que só fomos quen de atopar catro *refráns mínimos* de dous compoñentes (véxase Fontana 2018).

<sup>8</sup> Para a elaboración deste primeiro corpus de *refráns mínimos* galegos compostos por dous elementos, tivemos en conta todos os refraneiros do galego ao noso alcance, se ben deixamos, polo momento, de lado, outras fontes paremiográficas máis específicas como artigos, revistas, calendarios, folletos, etc.

<sup>9</sup> Referímonos aos seguintes refraneiros: Anónimo (1974<sup>1</sup>), Benavente e Ferro (1994), Lorenzo (1983), Moreiras (1977 e 1978<sup>2</sup>), Rodríguez Cruz (2000), Sesto (1976), Sobreira (1979), Solla (2009) e Zamora (1972).

Por outra parte, gustaríanos subliñar que, coa intención de evitar repeticións e a sobrecarga informativa do texto, nesta primeira parte teórica, cando dispoñemos de diferentes variantes dunha mesma paremia, ofrecemos soamente a que figura como principal na columna da esquerda do *Apéndice*, xa que neste apartado, na columna da dereita, se poden atopar todas as outras variantes do refrán principal; así mesmo, as localizacións ofrecidas polo *ALGa* da forma principal do refrán cítanse nesta primeira parte, mentres as das variantes detállanse no *Apéndice* mediante nota a pé de páxina. Finalmente, para posibles glosas, explicacións ou apuntes dos/das autores/as dos refraneiros, que consideramos pertinentes, adoptamos o xa comentado procedemento de engadirmos esta información nunha nota a pé de páxina do citado *Apéndice*.

## 2.1. Meses do calendario

### 2.1.1. Xaneiro

- *Xaneiro, aÑeiro* (Ventín 2007: 69, núm. 827); refrán ao que se pode engadir como remate outro *refrán mínimo* referido ao mes seguinte: *Xaneiro aÑeiro e febreiro cabriteiro* (Ferro 1995: 603, núm. 11270; Ventín 2007: 52, núm. 545) (Cfr. 2.1.2.).

- *Xaneiro, cabriteiro* (Vázquez 2003: 99, núm. 2372); a similitude desta paremia coa anterior faise aínda máis patente grazas a Zamora (1972: 262): *Xaneiro aÑeiro, xaneiro cabriteiro*.

- *Xaneiro fanequeiro* (*ALGa* 2003: 463, núm. 92); non en balde, coa localización marítima do Arrabal (provincia de Pontevedra), xa que *fanequeiro* se refire á pesca das *fanecas* (*Trisopterus luscus*).

- *Xaneiro frioleiro* (*ALGa* 2003: 464, núm. 114); localizado no Cádavo (provincia de Lugo). *Frioleiro*, é dicir, *friorento*.

- *Xaneiro laceiro* (Vázquez 2003: 97, núm. 2337); *laceiro* é un adxectivo derivado de *lazo*, “Capa de xeo que se forma sobre a superficie dun líquido cando vai moito frío” (DRAG: s. v. *lazo*); precisamente no mes de xaneiro é cando se produce a aparición de moito lazo nas pozas (ou mesmo na beira dos tellados).

- *Xaneiro, marmaruxeiro* (Taboada 2000: 165); *marmaruxeiro* refírese ao tempo chuvioso.

- *Xaneiro, oveiro* (Gippini 1994<sup>4</sup>: 10; Taboada 2000: 165; Ferro 2002: 140; Vázquez 2003: 99, núm. 2375; Soto 2003: 181, núm. 4391); refrán ben representado do que Soto ofrece o equivalente castelán *Enero, ya es huevero*.

- *Xaneiro, piardeiro* (Rodríguez Iglesias 2000: 492; Ferro 2002: 140); hai que entender *piardeiro* co significado de ‘malicioso’, ‘pícaro’.

- *Xaneiro, secadeiro* (Taboada 2000: 165); refírese ao tempo seco.

- *Xaneiro tasqueiro* (*ALGa* 2003: 464, núm. 116); localizado en Acevedo (provincia de Ourense). Segundo o informante, *tasqueiro* fai referencia ás xeadas.

- *Xaneiro verdadeiro* (ALGa 2003: 464, núm. 117); localizado en Pereiro de Aguiar (provincia de Ourense). O informante apunta que o refrán alude á choiva continua deste mes.

- *Xaneiro xeadas* (ALGa 2003: 462, núm. 24); localizado en Meira (provincia de Lugo).

- *Xaneiro xiadeiro* (ALGa 2003: 462, núm. 28; Vázquez 2003: 99, núm. 2369); localizado en Espiñaredo, San Cristovo, Mesoiro, Cuiña, Vilar de Céltigos, O Outeiro, Outeiro, Ortoño (provincia da Coruña), A Senra, Muras, Bóveda (provincia de Lugo), Abelenda, O Pereiro de Aguiar, Vilariño Frío, Allariz, A Mezquita, Bubaces (provincia de Ourense), Baloira, Friamonde, Rodeiro, Sta. Lucía de Moraña, Fefiñáns, A Chan, Lourido, A Graña, Lougares, A Cañiza, Guillade e Sela (provincia de Pontevedra). Este refrán fai parte doutro moito máis longo en que a combinación de certas características dos catro primeiros meses contribúen a sacar a un bo maio: *Xaneiro xiadeiro, febreiro folerpeiro, marzo ventoso e abril chuvioso, sacan o maio florido e fermoso* (Soto 2003: 182, núm. 4394). Soto, ademais, engade o seguinte equivalente castelán: *Enero frío y heladero, febrero verdadero, marzo pardo y abril lluvioso, sacan a mayo florido y hermoso*.

### 2.1.2. Febreiro

- *Febreiro, cabriteiro* (Ferro 1995: 294, núm. 5035; 2002: 141; Ventín 2007: 65, núm. 762); ademais de como refrán por si mesmo, Ferro (1995: 603, núm. 11270) e Ventín (2007: 52, núm. 545) emprégano como remate dunha dobre paremia: *Xaneiro añeiro e febreiro cabriteiro* (Cfr. 2.1.1.).

- *Febreiro candieiro* (ALGa 2003: 465, núm. 210); localizado en Baloira (provincia de Pontevedra). Alusión á Candeloria, ou Virxe das Candeas, que se festexa o 2 de febreiro e de cuxo “chorar” (chover) ou “rir” (facer sol) pode depender a fin do inverno, aínda que *Se a Candelaria chora, vai o inverno fóra; se ri, o inverno quere vir; mais cal chorar, cal rir, medio inverno está por vir*<sup>10</sup> (Ferro 1995: 148, núm. 1935).

- *Febreiro, cebadeiro* (Ferro 1995: 294, núm. 5036; Conde 2001: 106, núm. 196; Ferro 2002: 141; Vázquez 2003: 104, núm. 2478); indica que a choiva de febreiro axuda á correcta maduración da cebada. Conde compara a paremia galega cunha castelá: *Febrero, cebadero*; e con tres francesas: *Eau de février, eau de fumier; Pluie de février emplit les greniers; e Pluie de février vaut jus de fumier* (esta última localizada na Borgoña). Por último, engadimos un refrán que vencella esta paremia coa primeira: *Febreiro cabriteiro, febreiro cebadeiro* (Zamora 1972: 109 e 262).

- *Febreiro, felerpeiro* (Gippini 1994<sup>4</sup>: 11); *felerpeiro* quere dicir ‘nevarento’.

<sup>10</sup> Para o “rir” e o “chorar” da Candeloria no ámbito romance, véxase Gargallo (2004: 117-121).

- *Febreiro, ferveideiro* (Ferro 2002: 141); *ferveideiro* poderíase entender como indicativo de calor (Cfr. *Frebeiro, fervoso*).
- *Febreiro lenceiro* (Vázquez 2003: 103, núm. 2464); probablemente, *lenceiro* teña que ver co traballo das fias, xa que ás veces emprégase *lenzo* co significado de ‘fio de liño’. Neste sentido, pódese referir á preparación do fio de liño ou ben a cando, á beira do lume, se fan teas ou lenzos cos fíos previamente preparados<sup>11</sup>.
- *Febreiro moliceiro*<sup>12</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 186); localizado na Veiga de Cascallá (provincia de Ourense). O informante recoñeceu *moliceiro* como ‘húmido’.
- *Febreiro mormuruxadeiro* (ALGa 2003: 465, núm. 199); localizado en Oímbra (provincia de Ourense). A *mormuruxa* é o orballo; polo tanto, o refrán aludiría ao tempo con chuvisca.
- *Febreiro oveiro* (Vázquez 2003: 104, núm. 2471) (Cfr. *Xaneiro, oveiro*).
- *Febreiro ventureiro* (ALGa 2003: 465, núm. 198); localizado en Vilariño Frio (provincia de Ourense). O significado do adxectivo *ventureiro* podería ser ‘ventoso’, pero tamén ‘silvestre’, vía pola que tería chegado a unha especialización semántica de ‘agreste’, ‘duro’.
- *Febreiro verceiro* (ALGa 2003: 463, núm. 48); localizado no Cádavo (provincia de Lugo), Abelenda e A Mezquita (provincia de Ourense). *Verceiro* ten o sentido de ‘chuviñoso’, tempo que, no mes anterior, resulta de moi mal augurio: *Xaneiro verceiro, nin boa meda nin bo palleiro* (Ventín 2007: 69, núm. 825); ou, aínda máis claro, *Xaneiro, berceiro, mal negocio* (Taboada 2000: 164).
- *Febreiro, xougoleixeiro* (Taboada 2000: 94); *xougoleixeiro* é unha palabra inventada, creada probablemente a partir de *xogar*. Segundo unha hipótese de Manuel González, o significado tería relación co feito de faceren xogos e brincaren os mozos e mozas nas fias ou fiadas destes meses duros de inverno.
- *Fibreiro fibreirado* (ALGa 2003: 465, núm. 184); localizado en Paradaseca do Bierzo (provincia de León). Refráns do tipo de *Febreiriño febras dá e, se non as dera, xa as dará* (Ferro 1995: 294, núm. 5029) lévannos a relacionar o adxectivo *fibreirado* (variante de *febreirado*, como *fibreiro* de *febreiro*), coas *febras de frío*, tamén chamadas *barbas do inverno* (Cfr. *Frebeiro frebas*).

---

<sup>11</sup> Xesús Ferro transmítenos, por correo electrónico, esta chisca da súa nenez: “Eu xa non lembro da miña infancia ningunha tecelá (o lenzo viña das feiras ás que levamos da casa manteiga, ovos, millo, porcos ou ovellas ou becerros que alí se vendían e con ese diñeiro mercábase aceite, pano ou medicamentos). Pero si que lembro que unha costureira viña despois polas casas facer tódalas pezas de roupa que nos vestían”.

<sup>12</sup> Gargallo (2012: 418) aproveita este refrán como exemplo de “Paremiotipos concretos e representación territorial”.

- *Frebeiro, fervoso* (ALGa 2003: 465, núm. 201); localizado en Rodeiro (provincia de Pontevedra). *Fervoso*, derivado de *ferver*, podería entenderse como indicativo de calor (Cfr. *Febreiro, fervedeiro*).

- *Febreiro frebas* (ALGa 2003: 465, núm. 183); localizado en Meira (provincia de Lugo). As *frebas* son os carambelos característicos do frío de febreiro, ao que se refire o seguinte refrán: *Febreiro febreirás, se non deches as túas frebas, x'as darás* (Vázquez 2003: 103, núm. 2459) (Cfr. *Febreiro fibreirado*).

### 2.1.3. Marzo

- *Marzo coarso* (ALGa 2003: 467, núm. 324); localizado en Xaviña (provincia da Coruña). Segundo o ALGa, *coarso* é sinónimo de *iguarzo*.

- *Marzo airoso* (ALGa 2003: 465, núm. 234); localizado na Mezquita (provincia de Ourense).

- *Marzo, esfolarso* (Vázquez 2003: 115, núm. 2720); *esfolarso*<sup>13</sup> é un adxectivo creado sobre a base do verbo *esfolar* ('sacar a pel a un animal') para que rime con *marzo*. Aplicado a este mes de tempo tan cambiante, como amosa un refrán do tipo *Marzo marceador: de noite auga e de día sol* (Vázquez 2003: 112, núm. 2645), significa que o tempo que predomina é un frío que esfola, é dicir, que arrinca a pel: *Marzo marzada, vento frío e máis xiada* (Vázquez 2003: 112, núm. 2651).

- *Marzo, espigarzo* (Ferro 1995: 375, núm. 6656; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 115, núm. 2723); segundo a glosa de Vázquez, trátase do "Mes en que debe espigar el pan para la buena cosecha".

- *Marzo, iguarzo* (Gippini 1994<sup>4</sup>: 14; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 296, núm. 7284); este refrán, que "Alude al equinoccio"<sup>14</sup> (Vázquez 2003: 296, núm. 7284), representa un bo exemplo da "fosilización e lexicalización dalgunhas voces [como *iguarzo*] que apenas se documentan nos dicionarios" (ALGa 2003: 461). Atopamos formulacións similares en portugués, *Março, eguarço* ou *Março igualaço* (Machado 2011<sup>4</sup>: 305), e castelán, *Marzo, parejazo*<sup>15</sup> (Rodríguez Marín 1896: 59).

<sup>13</sup> Xesús Ferro apúntanos que o informante pertencía á zona do seseo, característica que se mantivo na anotación do refrán.

<sup>14</sup> Véxase en Gargallo (2003: 43) o punto 1.1., intitulado "Se igualan las noches y los días". Neste sentido, sérvenos de glosa aclaratoria o refrán italiano: *Marzo marzotto, il giorno è lungo come la notte* (Schwammenthal e Straniero 1991: 295); ou mesmo a paremia galega: *Marzo iguarzo, o dia coa noite i-o pan co carpazo* (Ventín 2007: 66, núm. 770). Este mesmo autor (Ventín 2007: 64, núm. 743) relaciona o refrán de tres compoñentes *En marzo, iguarzo* coas seguintes dúas paremias: *Março liga a noite com o día, Manoel com Maria, o pão com o mato e a herva com o sargaço* (portugués), e *Quand l'abricotier est en fleurs, jour et nuit sont de même longueur* (francés).

<sup>15</sup> Tal como indica Gargallo (2003: 43, nota 8), as formas *iguarzo* (galego), *eguarço, igualaço* (portugués) e *parejazo* (castelán) non "responden a usos comunes de los respectivos romances. Habrá que entender que

- *Marzo liñarzo* (ALGa 2003: 467, núm. 319); localizado en Vilariño Frío (provincia de Ourense). *Liñarzo* é unha palabra inventada para a rima con *marzo* a partir de *liño* e refírese ao tempo da semente desta planta, xa que, nas zonas costeiras e baixas de Galicia, esta sementábase en marzo, mentres, no interior e zonas altas, en abril.

- *Marzo marzán* (ALGa 2003: 466, núm. 303); localizado en Meira, Seoane do Courel (provincia de Lugo) e Paradaseca do Bierzo (provincia de León); típico inicio de moitos refráns galegos co mes de marzo; véxanse, por exemplo, os vinte e sete refráns principiaados con *Marzo(,) marzán* en Vázquez (2003: 112-113, núms. 2657-2683). Gargallo (2003: 44) ofrécenos outros derivados romances nominais como *Março marçagão* (portugués), *Marzu marcial* (asturiano), *Marzo marcerero* (castelán) ou *Març, marçó* (catalán).

- *Marzo, pelarzo* (Vázquez 2003: 116, núm. 2728); segundo a glosa de Vázquez: “Alude a la dureza del mes, y a la esquila de las ovejas, y de los asnos”. En portugués, a paremia complétase cunha segunda parte que nos lembra o refrán *Março iguarzo*, xa comentado: *Março pelarço, as noites como os dias, os meses como os marcos* (Machado 2011<sup>4</sup>: 305).

- *Marzo, raparzo* (Vázquez 2003: 116, núm. 2729); *raparzo*, de *rapar* (‘cortar o pelo ou a la a un animal’); por iso, o autor remite aos seguintes tres refráns (o primeiro en castelán e os outros dous en catalán): *En marzo, se esquilan los burros*; *Pel març ton<sup>[16]</sup> les ovelles*; e *Pel març s’esquilen els ases*.

- *Marzo regañarzo* (Vázquez 2003: 114, núm. 2709); tendo en conta que *regañar* significa ‘mostrar’ ou ‘facer visible’, *regañarzo*, derivado *ad hoc* deste verbo para rimar con *marzo*, podería indicar que nesa altura xa se empezan a ver as primeiras raiolas de sol.

- *Marzo ventoso* (ALGa 2003: 466, núm. 242); localizado na Senra (provincia de Lugo) e Rodeiro (provincia de Pontevedra).

#### 2.1.4. Abril

- *Abril abrilite* (ALGa 2003: 468, núm. 422); localizado en Baloiira (provincia de Pontevedra); *abrilite* é unha creación afectiva *ad hoc* deste mes.

- *Abril chuvioso* (ALGa 2003: 467, núm. 382); localizado na Senra (provincia de Lugo) e na Mezquita (provincia de Ourense). As características choivas de abril recóllense nun célebre refrán: *Abril, aguas mil* (Vázquez 2003: 121, núm. 2848); e, a conveniencia destas augas, queda clara noutra paremia: *Abril chovedeiro enche o cabaceiro* (Zamora 1972: 265; Soto 2003: 37, núm. 470), que Soto completa co equivalente castelán *Abril llovedero llena el granero*.

---

se han creado ad hoc, al servicio de la rima (asonante o consonante), según la buena predisposición que en general demuestran los refranes para el «extrañamiento del lenguaje»”.

<sup>16</sup> Segunda persoa singular do imperativo do verbo *tondre* (‘tosquiar’, ‘rapar’).



- *Abril penduril* (ALGa 2003: 468, núm. 436); localizado en Ortoño (provincia da Coruña). Trátase da primeira parte do coñecido refrán *Abril, pendoril; maio, engraió; san Xoán, segaio* (Ferro 1995: 59, núm. 51), que Vázquez (2003: 121, núm. 2856) glosa así: “Con palabras caprichosas describe el estado del centeno en los meses que se indican: *En abril, cuelga ya la espiga, en mayo, grana y en junio está dispuesta para la siega*. Se refiere a las zonas más cálidas de Galicia”.

### 2.1.5. Maio

- *Maio, despondaio* (Taboada 2000: 100); refrán cuxo significado misterioso non somos quen de adiviñar.

- *Maio, engredaio* (Vázquez 2003: 135, núm. 3157); *engredaio* é un derivado do verbo *gradar*: “Pasar a grade [a un terreo arado]” (DRAG: s. v. *gradar*), como nos amosa o equivalente portugués engadido por Vázquez: *Em maio, gradai-o*.

- *Maio florallo* (Vázquez 2003: 133, núm. 3119); denota a floración típica deste mes.

- *Maio madeiro* (Vázquez 2003: 134, núm. 3123); a partir do refrán *O bon madeiro pra maio o quero*, localizado en Aranga, preto de Betanzos, e transmitido por xentileza de Xesús Ferro, deducimos que o refrán se podería referir ao frío tardío do mes de maio, durante o cal aínda fai falla estar á beira do lume para non pasar frío; neste sentido, citamos a variante *Ata o corenta de maio aínda a vella queima o tallo* (é dicir, o toro dunha árbore) da coñecida paremia *Ata o corenta de maio non quites o saio* (Ferro 1995: 305, núm. 5278).

- *Maio maghallo* (ALGa 2003: 469, núm. 520); localizado en Louro (provincia da Coruña). Refírese á maduración da froita que chega á súa sazón.

- *Maio maiolo* (ALGa 2003: 469, núm. 489); localizado en Betanzos (provincia da Coruña), Bóveda (provincia de Lugo) e Baloira (provincia de Pontevedra); *maiolo* é unha creación *ad hoc* que, neste caso, subliña o tempo variable deste mes, como nolo demostra o refrán *Maio maiolo, maio tolo* (Zamora 1972: 130 e 268).

- *Maio, mallar* (Taboada 2000: 100); alusión á trilla dos cereais típica desta época.

- *Maio pardo* (ALGa 2003: 469, núm. 511); localizado en Vilariño Frío, A Gudiña, A Mezquita (provincia de Ourense), Rodeiro (provincia de Pontevedra) e Lubián (provincia de Zamora). Refírese ao bo augurio do ceo escuro en maio: *Maio pardo, sinal de bo ano* (Ferro 1995: 69, núm. 266).

### 2.1.6. Xuño

- *Junio claro* (ALGa 2003: 470, núm. 605); localizado en Lubián (provincia de Zamora) e similar á paremia *San Juan*<sup>17</sup> *claro* (ALGa 2003: 470, núm. 606), asignada á Mezquita (provincia de Ourense). A desexada claridade deste mes, combinada coas características dos cinco meses precedentes, aparece en múltiples

<sup>17</sup> A miúdo, a designación de *San Juan* / *San Xoán* refírese, por extensión, a todo o mes de xuño.

refráns, como o seguinte exemplo: *Xaneiro xabreiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro* (Vázquez 2003: 97-98, núm. 2354).

### 2.1.7. Agosto

- *Agosto, agosteiro* (Gippini 1994<sup>4</sup>: 22; Ventín 2007: 62, núm. 704); *agosteiro*, co sentido de ‘extremadamente caloroso’, é unha creación *ad hoc* que pon en relación o nome do mes e máis o verbo *agostar* (‘murchar’, ‘secar’).

- *Agosto ardere*<sup>18</sup> (ALGa 2003: 471, núm. 671); localizado en Rodeiro (Pontevedra) como o refrán *Setiembre beber* (cfr. 2.1.8.), co cal se completaría a secuencia *A castaña no agosto quere arder; e no setembro, beber* (Ferro 1995: 156, núm. 2122).

- *Agosto, magosto* (Taboada 2000: 61); o refrán indica que a colleita de castañas durante o outono vai depender en gran parte da calor que faga no mes de agosto.

### 2.1.8. Setembro

- *Setiembre beber* (ALGa 2003: 471, núm. 723); localizado en Rodeiro (Pontevedra). Entendemos aquí *beber*, variante de *beber*, como indicativo de auga de choiva (véxase Gargallo 2012: 415). Este refrán e o xa nomeado *Agosto ardere* vencéllanse na paremia *En agosto arder, en setembro beber* (ALGa 2003: 471, núm. 668), localizada en Pereiro de Aguiar (provincia de Ourense).

## 2.2. De cariz moral

Dedicamos o seguinte capítulo aos refráns, é dicir, a “estos hermosos destellos de la inspiracion popular”<sup>19</sup> (Murguía 1865: 572), que coinciden no feito de ofrecerem consellos morais para un comportamento axeitado.

### 2.2.1. Casamento

A maioría de *refráns mínimos* galegos de cariz moral céntrase nas funestas consecuencias do matrimonio. As seguintes oito paremias coinciden na rima entre hemistiquios e, agás na última (en que se empregan dous substantivos), no uso exclusivo de formas verbais: a segunda do singular nos catro primeiros exemplos (con pregunta e resposta nos tres primeiros), a terceira do plural no quinto, e a terceira do singular no sexto e sétimo. Por outro lado, cómpre remarcar que a

---

<sup>18</sup> Cómpre sinalar que, na *Introducción* á listaxe de refráns, o ALGa (2003: 461) apunta a seguinte dúbida á hora de incluír esta paremia: “No caso da secuencia *agosto ardere* (refrán 671) podíase pensar que non tería que formar parte desta colección, pero ó atestarse o refrán *a castaña quere en agosto arder, en setembro beber* (refrán 665), parece axeitado recollela, anque en por si non supón unha unidade paremiolóxica relevante”.

<sup>19</sup> Segundo este autor: “Siempre se han considerado los refranes, como dichos breves y sentenciosos en que el pueblo encierra un pensamiento útil, un consejo saludable, una picante observación: por eso se han impreso alguna vez bajo el título de *Filosofía vulgar*” (Murguía 1865: 571).

alusión ao casamento inicia sempre o refrán, excepto no penúltimo exemplo, en que o efecto precede a causa.

- ¿*Casáchete? Cagáchete* (Taboada 2000: 75; Vázquez 2003: 503, núm. 13046); case idéntico en asturiano: ¿*Casástete? Cagástete* (Castañón 1962: 59); e, cunha formulación escatolóxica similar, pero xa non mínima, en castelán: *Te casaste, la cagaste* (Martínez 1995: 454, núm. 39.651).

- ¿*Casáchete? Abrasáchete* (Taboada 2000: 75; Ventín 2007: 129, núm. 1700).

- ¿*Casáchete? Luxácheste* (Taboada 2000: 75); emprégase o verbo *luxarse* co sentido de ‘lixarse’, ‘ensuciarse’.

- *Casácheste, enterrácheste* (Vázquez 2003: 503, núm. 13045); en castelán, a anteposición do pronome converte o refrán mínimo galego nunha formulación de catro compoñentes: *Te casaste, te enterraste* (Martínez 1995: 454, núm. 39.652).

- *Casáronte: cazáronte* (Ferro 1995: 381, núm. 6760; Rodríguez Iglesias 2000: 477); citamos, en castelán, *Te casaron, te cazaron* (Martínez 1995: 453, núm. 39.601); e, en catalán, o sintético: *Casat, caçat* (Amades 1982<sup>3</sup>: 1111).

- *Casou, apretou* (Taboada 2000: 76).

- *Vintou? Casou* (Ventín 2007: 129, núm. 1699). Descoñecemos o significado do verbo *vintar*.

- *Casamento, apartamento* (Ventín 2007: 35, núm. 252); idéntico en portugués (Cfr. Machado 2011<sup>4</sup>: 139).

### 2.2.2. *Varia*

Neste caixón de xastre moral, atopamos normas de conduta que nos axudan a non repetirmos os mesmos erros do pasado (no caso dos dous primeiros refráns), que nos indican pequenos preceptos aplicables á vida cotiá (no terceiro, cuarto e quinto exemplo), e que nos advirten do perigo das populares *romarías* (na última paremia).

- *Gabáchete, cagáchete* (Ventín 2007: 111, núm. 1425).

- ¿*Fixéchela?... Páгаа* (Vázquez 2003: 550, núm. 14334); velaquí outro refrán galego a guisa de glosa: *Ninguén as fai que non as pague máis cedo ou máis tarde* (Ferro 1995: 157, núm. 2145).

- *Errando adepréndese*<sup>20</sup> (Vázquez 2003: 360, núm. 8925); Ferro (1995: 265, núms. 4391-4395) intitula moi axeitadamente “Erro pai do acerto” unha sección que contén cinco refráns, non *mínimos*, pero si co mesmo significado da nosa paremia.

---

<sup>20</sup> O autor remite a Correas para o refrán castelán *Errando se aprende*.

- *Apresúrate despacio*<sup>21</sup> (Ferro 1995: 485, núm. 8889; Conde 2001: 337, núm. 884); refrán que traduce o latín *Festina lente*, un dos lemas preferidos de Augusto segundo o historiador Suetonio<sup>22</sup>.

- *Cartas cantan*<sup>23</sup> (Vázquez 2003: 320, núm. 7921); lembremos o refrán do *Quijote* (II, Cap. 7) *Hablen cartas y callen barbas*, que se recolle na paremia galega (non obstante a inversión dos hemistiquios) *Calen barbas e falen cartas* (Lorenzo 1983: 25, núm. 220; Ferro 1995: 245, núm. 3993; Vázquez 2003: 762, núm. 20345). Tamén en catalán: *Cartes canten* (Amades 1982<sup>3</sup>: 1170).

- *Romarías, bruxerías* (Vázquez 2003: 391, núm. 9764).

### 2.3. Gastronomía

Os dous refráns deste apartado evidencian a importancia do mar na cultura galega<sup>24</sup>, xa que conteñen un peixe (*sardiña*) e un marisco (*zamburiña*<sup>25</sup>), ambos rematados en *-iña*, sufixo que rima cun adxectivo, no primeiro caso, *agostiña*, relacionado co mellor mes para a pesca da sardiña<sup>26</sup> (*En agosto come as sardiñas ben a gosto* [Zamora 1972: 94]), e, no segundo, o diminutivo *pequeniña*, que alude ás dimensións máis axeitadas á hora de consumir a zamburiña<sup>27</sup>.

- *Sardiña, agostiña* (Taboada 2000: 151).

- *Zamburiña, [/] pequeniña* (Álvarez 2008: 12, núm. 37).

### 2.4. Con topónimo

“Hai abundantes refráns xeográficos nos que se interpreta o sentimento da xente cara á súa terra e ditos agudos que mostran a rivalidade de dúas aldeas veciñas”<sup>28</sup> (Cañada 2003: 51, s. v. *refrán*). Neste apartado incluímos sete *refráns mínimos* que conteñen algún

<sup>21</sup> Conde relaciona esta paremia con outra galega: *Vísteme despacio que teño prisa*; con tres castelás: *Date prisa despacio, y llegarás a palacio*; *Vísteme despacio, que tengo prisa*; e *Anda despacio, si tienes prisa*; e cun refrán francés: *Hâtez-vous lentement*.

<sup>22</sup> Véxase, na obra *De vita Caesarum*, o capítulo XXV do libro dedicado ao emperador Augusto.

<sup>23</sup> Vázquez cita un refrán castelán idéntico recollido por Rodríguez Marín.

<sup>24</sup> Neste sentido, segundo Río (2010: 67): “O refraneiro galego é moi abondoso en formas que recollen as actividades que o home ou a muller efectuaban na aldea galega do interior (a agricultura) ou da costa (a pesca)”.

<sup>25</sup> Segundo o apuntamento de Vázquez (2003: 682, núm. 18133), “es un marisco parecido a la vieira, y más pequeño que el mayolo”.

<sup>26</sup> O coñecidísimo refrán *Polo San Xoán a sardiña molla o pan* (Ferro 2002: 148) indica o inicio da temporada, xa que antes desta data: *Quen queira mal a unha veciña, dialle en abril sardiña* (Zamora 1972: 213) ou *Sardiñas de maio, sardiñas do díaño* (Ferro 1995: 527, núm. 9742). De feito, a mellor época para o seu consumo crese que vai dunha Virxe a outra, é dicir, do 16 de xullo (Virxe do Carme) ata o 15 de agosto (Virxe da Asunción).

<sup>27</sup> Tamén a sardiña recomendábase deste tamaño, segundo o refrán: *A muller e a sardiña, pequeniña* (Zamora 1972: 23; Ferro 2002: 157).

<sup>28</sup> Non en balde, no mesmo artigo (2003: 51, s. v. *refrán*) afirmase que “O refrán, como a copla, é unha clara manifestación da vida, das relacións entre as persoas, das preocupacións individuais e dos sentimentos colectivos dun lugar, dunha vila ou dunha cidade e incluso se fai eco dos misterios da vida”.

topónimo: nos tres primeiros (dos cales os dous últimos referidos ao mesmo municipio, O Incio), o topónimo precede un substantivo plural que ironiza sobre os habitantes do lugar; nos dous seguintes (ambos correspondentes a Santa Marta de Moreiras, antes do arranxo parroquial), invértese a orde; no penúltimo refrán, complementábase o topónimo cun substantivo singular (referido ao lugar e non aos habitantes); e, no derradeiro, establécese unha figura de repetición entre o topónimo e a forma verbal.

- *Albarellos*<sup>[29]</sup>, *cazafellos* (Vázquez 2003: 844, núm. 19); o adxectivo é unha variante de *gazafellos*, aplicado polo xeral ao “Rapaz que quere presumir de ser xa un home” (DRAG, s. v. *gazafello*).

- *Sirgueiros*<sup>[30]</sup>, *pimenteiros* (Vázquez 2003: 900, núm. 1228); chámase *pimenteiros* aos que cultivan e venden pementos así como aos que son moi afeccionados a este froito.

- *Rendar*<sup>[31]</sup>, *gorriós*<sup>[32]</sup> (Vázquez 2003: 892, núm. 1042); baste o seguinte refrán para entender a malicia da formulación: *Gorrións e cregos e frades / Dios nos libre de tan malas aves, / os gorrións cómenno-lo millo, / cregos e frades rápanno-lo bolsillo* (Ventín 2007: 106, núm. 1365); que, ademais, o autor vencella co castelán: *El abad y el gorrión dos malas aves son*.

- *Abogados*, *Caspiñón*<sup>[33]</sup> (Vázquez 2003: 855, núm. 235); consideramos que o refrán mínimo asturiano *Abogáu, afogáu* (Viejo 2012: 388, núm. 3135) deixa bastante clara a consideración xeral dos avogados no refraneiro.

- *Bouceantes*, *Casmartiño*<sup>[34]</sup> (Vázquez 2003: 855, núm. 234); de *boucear* (‘gritar’, ‘berrar’).

- *Sanguiñado*<sup>[35]</sup>, *señoría* (Vázquez 2003: 897, núm. 1151); o autor glosa así a paremia: “Porque están allí las únicas casas señoriales de la parroquia”.

- *Mondoñedo manda* (Ventín 2007: 160, núm. 2162); véxase no *Apéndice* a variante con *monda*, no lugar de *manda*, que afina aínda máis a paronomasia entre o topónimo e a forma verbal.

### 3. A xeito de conclusión

*Por outra parte, o pretender esgotar un Refraneiro é imposible, xa que se contan por milleiros os refráns que están pubricados nos difrentes pobos e moitos máis os que aínda se poderían engadir, xa que son centos os que se atopan en libros*

<sup>29</sup> “Albarellos, Santiago; Monterrei, OU” (Vázquez 2003: 844, núm. 19).

<sup>30</sup> “Sirgueiros, San Xoán; Incio, O; LU” (Vázquez 2003: 900, núm. 1228).

<sup>31</sup> “Rendar, Santa María; Incio, O; LU” (Vázquez 2003: 892, núm. 1042).

<sup>32</sup> Sobre Villareda (Palas de Rei) existe un refrán, non mínimo, pero moi similar: *Os de Villareda, gorriós* (Vázquez 2003: 907, núm. 1367).

<sup>33</sup> “Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU” (Vázquez 2003: 855, núm. 235).

<sup>34</sup> “Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU” (Vázquez 2003: 855, núm. 234).

<sup>35</sup> “Sanguiñado, Santa María; Dozón, PO” (Vázquez 2003: 897, núm. 1151).

*relixiosos, en obras literarias, en contos populares, nos cantigueiros do pobo, nos beizos de algúns vellos...* (Lorenzo 1983: 7).

Sirva a citación anterior de Xaquín Lorenzo como necesaria *captatio benevolentiae* deste artigo que, co emprego de “achega” no título, non pretende senón establecer unha primeira listaxe de refráns galegos de dous compoñentes (é dicir, os máis breves que poidan existir) para os cales propoñemos a denominación de *refrán mínimo*.

Polo que se refire á estrutura das setenta e oito paremias listadas na parte teórica, observamos o emprego da rima (máis habitual canto máis breve resulta o refrán) en cincuenta e tres paremias<sup>36</sup>, o que significa un 68% dos exemplos. Se relacionamos este recurso co ámbito temático, cómpre apuntar que a rima se favorece con algunhas palabras inventadas no segundo hemistiquio, frecuentemente creadas sobre raíces existentes (*iguarzo, florallo...*), e, de maneira especial, coa formulación máis habitual no corpus de estudo, é dicir, co nome dun mes (no primeiro hemistiquio)<sup>37</sup>; non en balde, esta estrutura aparece en cincuenta e cinco exemplos, é dicir, nun 70,5%. Ademais, vinte e catro destes refráns corresponden aos meses de *xaneiro* e *febreiro* (doce paremias cada un), os mellor representados do elenco (con trece e quince refráns respectivamente).

Por outro lado, notamos como as preocupacións que o pobo galego cristaliza nos *refráns mínimos* refírense a cuestións morais (catorce refráns, nos que destaca, en oito deles, a consideración negativa do matrimonio), a maledicencia popular entre aldeas (sete exemplos) e, en menor medida, a gastronomía mariñeira (só dúas paremias). Porén, como xa apuntamos, a maioría de *refráns mínimos* céntrase nos meses<sup>38</sup> (cincuenta e cinco exemplos, dos que máis da metade, trinta e nove, referidos aos primeiros tres meses do ano); neste apartado, destaca, entre outras inquietudes menos representadas, o desvelo polas baixas temperaturas (moitas veces acompañadas de xeadas), polas chuvias e o mal tempo, pola excesiva calor ou polos labores agropecuarios relacionados cos cereais ou a gandaría.

Finalmente, gustaríanos insistir no feito de que, neste tipo de refráns tan sintéticos, unha volta perdida a experiencia do mundo rural, desaparece tamén a consabida motivación, circunstancia que se amosa, por exemplo, na nosa imposibilidade de entendermos, mesmo de intuirmos, o significado do refrán *Maio despondaio*. Como nos dixo moi axeitadamente Xesús Ferro: “A brevidade é froito dunha elisión (neste caso de saberes agrícolas ou mariñeiros)<sup>39</sup> dos que as cidades do século xxi estamos lamentablemente moi lonxe”.

<sup>36</sup> Trátase sempre de rima consonante, agás en catro casos en que se recorre á rima asonante: *Cartas cantan; ¿Casáchete? Luxácheste; Maio florallo, e Maio maghallo*.

<sup>37</sup> De feito, sempre que o refrán contén o nome dun mes, este vai no primeiro hemistiquio, cousa que, polo contrario, non ocorre co adxectivo *agostiña* na paremia *Sardiña, agostiña*.

<sup>38</sup> Todos os meses de xaneiro a setembro, quitando xullo.

<sup>39</sup> “O ritmo laboral no agro ou no mar galego viña marcado por algunhas crenzas, case sempre referidas ao tempo vindeiro, que se transmitían de pais a fillos coa finalidade de que os máis novos non caesen nos mesmos erros cós seus devanceiros. O refraneiro foi en moitos casos a opción escollida para salvaguardar estes coñecementos” (Río 2010: 67).

## 4. Apéndice

Presentamos neste apartado un cadro cos setenta e oito *refráns mínimos* analizados ao longo do artigo (columna da esquerda, “*Refráns mínimos* de dous elementos”); facémolo en orde alfabética, indicando, ademais da/s fonte/s bibliográfica/s, o apartado da parte teórica onde aparece cada refrán (na columna “Cfr.”), así como as variantes<sup>40</sup> da paremia principal, se fose o caso, ou mesmo algunha glosa extraída da mesma fonte e que citamos en nota ao pé. Polo que se refire ás localizacións do *ALGa* das paremias principais e ás dos topónimos do apartado 2.4., cítanse no correspondente lugar da parte teórica (as do *ALGa* a continuación do refrán e as dos topónimos en nota a pé de páxina); en canto ás localizacións das variantes dos refráns pertencentes ao *ALGa*, rexístranse no seguinte *Apéndice* mediante nota a pé de páxina.

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	Cfr.	Variantes
1	<i>Abogados, Caspiñón</i> (Vázquez 2003: 855, núm. 235)	2.4	
2	<i>Abril abrilete</i> ( <i>ALGa</i> 2003: 468, núm. 422)	2.1.4.	
3	<i>Abril chuvioso</i> ( <i>ALGa</i> 2003: 467, núm. 382)	2.1.4.	<i>Abril chuvioso</i> <sup>41</sup> ( <i>ALGa</i> 2003: 467, núm. 381)
4	<i>Abril penduril</i> ( <i>ALGa</i> 2003: 468, núm. 436)	2.1.4.	
5	<i>Agosto, agosteiro</i> (Gippini 1994 <sup>4</sup> : 22; Ventín 2007: 62, núm. 704)	2.1.7.	
6	<i>Agosto ardere</i> ( <i>ALGa</i> 2003: 471, núm. 671)	2.1.7.	
7	<i>Agosto, magosto</i> (Taboada 2000: 61)	2.1.7.	
8	<i>Albarellos, cazafellos</i> (Vázquez 2003: 844, núm. 19)	2.4.	
9	<i>Apresúrate despacio</i> (Ferro 1995: 485, núm. 8889; Conde 2001: 337, núm. 884)	2.2.2.	<i>Apresúrate despacio</i> (Vázquez 2003: 741, núm. 19783)

<sup>40</sup> Consideramos variantes da paremia principal calquera pequena diferenza respecto a esta, mesmo na puntuación (referímonos á coma entre ambos os hemistiquios). Téñase en conta que “As repeticións con pequenas variantes formais contribúen a esclarecer o significado orixinario do refrán e tamén dan boa conta da creación popular e da perda conceptual do léxico que presenta o refrán” (*ALGa* 2003: 461).

<sup>41</sup> Localizado na Mezquita (provincia de Ourense) e Rodeiro (provincia de Pontevedra).

	<b>Refráns mínimos de dous elementos</b>	<b>Cfr.</b>	<b>Variantes</b>
10	<i>Bouceantes, Casmartiño</i> (Vázquez 2003: 855, núm. 234)	2.4.	
11	<i>Cartas cantan</i> (Vázquez 2003: 320, núm. 7921)	2.2.2.	
12	<i>Casácheite, enterrácheite</i> (Vázquez 2003: 503, núm. 13045)	2.2.1.	
13	<i>¿Casácheite? Abrasácheite</i> (Taboada 2000: 75; Ventín 2007: 129, núm. 1700)	2.2.1.	
14	<i>¿Casácheite? Cagácheite</i> (Taboada 2000: 75; Vázquez 2003: 503, núm. 13046)	2.2.1.	
15	<i>¿Casácheite? Luxácheite</i> (Taboada 2000: 75)	2.2.1.	
16	<i>Casamento, apartamento</i> (Ventín 2007: 35, núm. 252)	2.2.1.	
17	<i>Casáronte: cazáronte</i> (Ferro 1995: 381, núm. 6760; Rodríguez Iglesias 2000: 477)	2.2.1.	
18	<i>Casou, apretou</i> (Taboada 2000: 76)	2.2.1.	
19	<i>Errando adepréndese</i> (Vázquez 2003: 360, núm. 8925)	2.2.2.	
20	<i>Febreiro, cabriteiro</i> (Ferro 1995: 294, núm. 5035; 2002: 141; Ventín 2007: 65, núm. 762)	2.1.2.	
21	<i>Febreiro candieiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 210)	2.1.2.	
22	<i>Febreiro, cebadeiro</i> (Ferro 1995: 294, núm. 5036; Conde 2001: 106, núm. 196; Ferro 2002: 141; Vázquez 2003: 104, núm. 2478)	2.1.2.	
23	<i>Febreiro, felerpeiro</i> (Gippini 1994 <sup>4</sup> : 11)	2.1.2.	<i>Frebeiro filerpeiro</i> <sup>42</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 173)

<sup>42</sup> Localizado na Queira (provincia da Coruña).



	<b>Refráns mínimos de dous elementos</b>	<b>Cfr.</b>	<b>Variantes</b>
24	<i>Febreiro, ferveideiro</i> (Ferro 2002: 141)	2.1.2.	<i>Frebeiro, ferveideiro</i> <sup>43</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 200)
25	<i>Febreiro lenceiro</i> (Vázquez 2003: 103, núm. 2464)	2.1.2.	
26	<i>Febreiro moliceiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 186)	2.1.2.	<i>Febreiro muliceiro</i> <sup>44</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 187)
27	<i>Febreiro mormuruxadeiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 199)	2.1.2.	
28	<i>Febreiro oveiro</i> (Vázquez 2003: 104, núm. 2471)	2.1.2.	<i>Febreiro, oveiro</i> (Ventín 2007: 44, núm. 412)
29	<i>Febreiro ventureiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 198)	2.1.2.	
30	<i>Febreiro verceiro</i> (ALGa 2003: 463, núm. 48)	2.1.2.	
31	<i>Febreiro, xougoleixeiro</i> <sup>45</sup> (Taboada 2000: 94)	2.1.2.	
32	<i>Fibreiro fibreirado</i> (ALGa 2003: 465, núm. 184)	2.1.2.	
33	<i>¿Fixéchela?... Páгаа</i> (Vázquez 2003: 550, núm. 14334)	2.2.2	
34	<i>Frebeiro, fervoso</i> (ALGa 2003: 465, núm. 201)	2.1.2.	
35	<i>Frebreiro frebas</i> (ALGa 2003: 465, núm. 183)	2.1.2.	
36	<i>Gabáchete, cagáchete</i> (Ventín 2007: 111, núm. 1425)	2.2.2.	
37	<i>Junio claro</i> (ALGa 2003: 470, núm. 605)	2.1.6.	
38	<i>Maio, despondaio</i> (Taboada 2000: 100)	2.1.5.	
39	<i>Maio, engredaio</i> (Vázquez 2003: 135, núm. 3157)	2.1.5.	

<sup>43</sup> Localizado en Rodeiro (provincia de Pontevedra).

<sup>44</sup> Localizado en Carracedo de Monasterio (provincia de León). Coa nota “O informante recoñeceu muliceiro como ‘suave’”.

<sup>45</sup> Localizado en Rubiós.

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<b>Cfr.</b>	<b>Variantes</b>
40	<i>Maio florallo</i> (Vázquez 2003: 133, núm. 3119)	2.1.5.	<i>Maio, floraio</i> (Vázquez 2003: 135, núm. 3158)
41	<i>Maio madeiro</i> (Vázquez 2003: 134, núm. 3123)	2.1.5.	
42	<i>Maio maghallo</i> (ALGa 2003: 469, núm. 520)	2.1.5.	
43	<i>Maio maiolo</i> (ALGa 2003: 469, núm. 489)	2.1.5.	<i>Maio maión</i> <sup>46</sup> (ALGa 2003: 469, núm. 490)
44	<i>Maio, mallar</i> (Taboada 2000: 100)	2.1.5.	
45	<i>Maio pardo</i> (ALGa 2003: 469, núm. 511)	2.1.5.	
46	<i>Marso coarso</i> (ALGa 2003: 467, núm. 324)	2.1.3.	
47	<i>Marzo airoso</i> (ALGa 2003: 465, núm. 234)	2.1.3.	<i>Marzo airearzo</i> <sup>47</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 235)
48	<i>Marzo, esfolarso</i> (Vázquez 2003: 115, núm. 2720)	2.1.3.	<i>Marzo esfolarso</i> <sup>48</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 318)
49	<i>Marzo, espigarzo</i> <sup>49</sup> (Ferro 1995: 375, núm. 6656; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 115, núm. 2723)	2.1.3.	<i>Marzo espigarzo</i> <sup>50</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 218)  <i>Marzo espigharzo</i> <sup>51</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 217)  <i>Marzo espigharzo</i> <sup>52</sup> (ALGa 2003: 465, núm. 216)

<sup>46</sup> Localizado en Ponte Aranga (provincia da Coruña). Compárese a creación afectiva *maión* coa seguinte, a propósito de xaneiro: *Xaneiro xaneirón, camisa nova e sin pantalón* (Zamora 1972: 262).

<sup>47</sup> Localizado en Lubián (provincia de Zamora).

<sup>48</sup> Localizado en San Memede e A Serra de Outes (provincia da Coruña).

<sup>49</sup> “Mes en que debe espigar el pan para la buena cosecha”.

<sup>50</sup> Localizado na Pobra de San Xíao (provincia de Lugo).

<sup>51</sup> Localizado en Pereiro de Aguiar (provincia de Ourense).

<sup>52</sup> Localizado en Roo (provincia da Coruña).

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<i>Cfr.</i>	<i>Variantes</i>
50	<i>Marzo, iguarzo</i> <sup>53</sup> (Gippini 1994 <sup>4</sup> : 14; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 296, núm. 7284)	2.1.3.	<i>Marzo iguarzo</i> (Ferro 1995: 235, núm. 3762)  <i>Marzo [ ] Iguarzo</i> (Iglesia 1886: 212)  <i>Marso ighuarso</i> <sup>54</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 310)  <i>Marzo ighuarzo</i> <sup>55</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 315)  <i>Marzo ghuarzo</i> <sup>56</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 313)  <i>Marzo, igualalarzo</i> <sup>57</sup> (Vázquez 2003: 115, núm. 2724)  <i>Marzo, igualarzo</i> <sup>58</sup> (Saco 1987: 340; Ferro 2002: 143)  <i>Marso ighualarso</i> <sup>59</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 309)  <i>Marzo ighualarzo</i> <sup>60</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 314)
51	<i>Marzo liñarzo</i> (ALGa 2003: 467, núm. 319)	2.1.3.	
52	<i>Marzo marzán</i> (ALGa 2003: 466, núm. 303)	2.1.3.	<i>Marzo marceiro</i> <sup>61</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 321)  <i>Marzo marzaco</i> <sup>62</sup> (ALGa 2003: 467, núm. 322)  <i>Marzo, magarzo</i> (Vázquez 2003: 115, núm. 2725)

<sup>53</sup> “Alude al equinoccio” (Vázquez 2003: 296, núm. 7284).

<sup>54</sup> Localizado en Ortoño e Beba (provincia da Coruña).

<sup>55</sup> Localizado no Arrabal (provincia de Pontevedra) e Brués (provincia de Ourense).

<sup>56</sup> Localizado en Mesoiro (provincia da Coruña).

<sup>57</sup> “Alude al equinoccio”.

<sup>58</sup> “Alude a la igualdad de los días [sic] y las noches” (Saco 1987: 340).

<sup>59</sup> Localizado en Roo e Louro (provincia da Coruña).

<sup>60</sup> Localizado en Pereiro de Aguiar (provincia de Ourense).

<sup>61</sup> Localizado en Guillade (provincia de Pontevedra).

<sup>62</sup> Localizado en Porto (provincia de Zamora).

	<b>Refráns mínimos de dous elementos</b>	<b>Cfr.</b>	<b>Variantes</b>
53	<i>Marzo, pelarzo</i> <sup>63</sup> (Vázquez 2003: 116, núm. 2728)	2.1.3.	<i>Marzo pelarzo</i> <sup>64</sup> (ALGa 2003: 466, núm. 304)
54	<i>Marzo, raparzo</i> (Vázquez 2003: 116, núm. 2729)	2.1.3.	
55	<i>Marzo regañarzo</i> (Vázquez 2003: 114, núm. 2709)	2.1.3.	
56	<i>Marzo ventoso</i> (ALGa 2003: 466, núm. 242)	2.1.3.	
57	<i>Mondoñedo manda</i> (Ventín 2007: 160, núm. 2162)	2.4.	<i>Mondoñedo, monda</i> (Vázquez 2003: 879, núm. 759)
58	<i>Rendar, gorriós</i> (Vázquez 2003: 892, núm. 1042)	2.4.	
59	<i>Romarías, bruxerías</i> (Vázquez 2003: 391, núm. 9764)	2.2.2.	
60	<i>Sanguiñedo, señoría</i> <sup>65</sup> (Vázquez 2003: 897, núm. 1151)	2.4.	
61	<i>Sardiña, agostiña</i> <sup>66</sup> (Taboada 2000: 151)	2.3.	
62	<i>Setiembre bebero</i> (ALGa 2003: 471, núm. 723)	2.1.8.	
63	<i>Sirgueiros, pimenteiros</i> (Vázquez 2003: 900, núm. 1228)	2.4.	
64	<i>Vintou? Casou</i> (Ventín 2007: 129, núm. 1699)	2.2.1.	
65	<i>Xaneiro, añeiro</i> (Ventín 2007: 69, núm. 827)	2.1.1.	
66	<i>Xaneiro, cabriteiro</i> (Vázquez 2003: 99, núm. 2372)	2.1.1.	
67	<i>Xaneiro fanequeiro</i> (ALGa 2003: 463, núm. 92)	2.1.1.	
68	<i>Xaneiro frioleiro</i> (ALGa 2003: 464, núm. 114)	2.1.1.	

<sup>63</sup> “Alude a la dureza del mes, y a la esquila de las ovejas, y de los asnos”.

<sup>64</sup> Localizado en Brués (provincia de Ourense), Santiso e Forcarei (provincia de Pontevedra).

<sup>65</sup> “Porque están allí las únicas casas señoriales de la parroquia”.

<sup>66</sup> “La sardina, des obada en agosto”.

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<b>Cfr.</b>	<b>Variantes</b>
69	<i>Xaneiro laceiro</i> (Vázquez 2003: 97, núm. 2337)	2.1.1.	
70	<i>Xaneiro, marmaruxeiro</i> <sup>67</sup> (Taboada 2000: 165)	2.1.1.	
71	<i>Xaneiro, oveiro</i> (Gippini 1994 <sup>4</sup> : 10; Taboada 2000: 165; Ferro 2002: 140; Vázquez 2003: 99, núm. 2375; Soto 2003: 181, núm. 4391)	2.1.1.	<i>Xaneiro oveiro</i> <sup>68</sup> (ALGa 2003: 464, núm. 115)
72	<i>Xaneiro, piardeiro</i> (Rodríguez Iglesias 2000: 492; Ferro 2002: 140)	2.1.1.	<i>Xaneiro piardeiro</i> <sup>69</sup> (ALGa 2003: 463, núm. 93)
73	<i>Xaneiro, secadeiro</i> (Taboada 2000: 165)	2.1.1.	
74	<i>Xaneiro tasqueiro</i> (ALGa 2003: 464, núm. 116)	2.1.1.	
75	<i>Xaneiro verdadeiro</i> (ALGa 2003: 464, núm. 117)	2.1.1.	
76	<i>Xaneiro xeadas</i> (ALGa 2003: 462, núm. 24)	2.1.1.	
77	<i>Xaneiro xiadeiro</i> (ALGa 2003: 462, núm. 28; Vázquez 2003: 99, núm. 2369)	2.1.1.	<i>Xaneiro, xiadeiro</i> (Ventín 2007: 61, núm. 688) <i>Xaneiro xeadeiro</i> <sup>70</sup> (ALGa 2003: 462, núm. 27) <i>Xaneiro xeladeiro</i> <sup>71</sup> (ALGa 2003: 462, núm. 29) <i>Xaneiro xeabreiro</i> <sup>72</sup> (ALGa 2003: 462, núm. 25) <i>¡Xaneiro xiabreiro</i> <sup>73</sup> (ALGa 2003: 462, núm. 26)
78	<i>Zamburiña, [/] pequeniña</i> (Álvarez 2008: 12, núm. 37)	2.3.	<i>Zamoriña, pequeniña</i> <sup>74</sup> (Vázquez 2003: 682, núm. 18133)

<sup>67</sup> “Lluvioso”.

<sup>68</sup> Localizado en Rodís (provincia da Coruña) e Santiso (provincia de Pontevedra).

<sup>69</sup> Localizado en Fefiñáns (provincia de Pontevedra).

<sup>70</sup> Localizado na Queira (provincia da Coruña), Negueira de Muñiz, Guntín de Pallares (provincia de Lugo), A Gudiña, Martiñán, Baltar, Calvos (provincia de Ourense) e Porto (provincia de Zamora).

<sup>71</sup> Localizado en Viladonga (provincia de Lugo).

<sup>72</sup> Localizado na Veiga de Cascallá (provincia de Ourense).

<sup>73</sup> Localizado en Paradaseca do Bierzo (provincia de León).

<sup>74</sup> “Zamoriña es un marisco parecido a la vieira, y más pequeño que el mayolo”.

## 5. Referencias bibliográficas

- ALGa = GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (2008): *O libro do marisco*. Madrid: El País.
- AMADES, Joan (1982<sup>3</sup>): *Folklore de Catalunya. Cançoner. Vol. II*. Barcelona: Selecta.
- ANÓNIMO (1974<sup>4</sup>): *Refraneiro do viño (505 sentenzas recollidas do pobo)*. Vigo: Edicións Castrelos.
- BENAVENTE JAREÑO, Pedro; FERRO RUIBAL, Xesús (1994): *Refraneiro galego da vaca*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- CAÑADA, Silverio (ed.) (1974): *Gran enciclopedia gallega. Tomo XXVI*. Vitoria: Heraclio Fournier S.A.
- CAÑADA, Silverio (ed.) (2003): *Gran enciclopedia gallega. Volume 38*. Lugo: El Progreso Artes Gráficas.
- CASTAÑÓN, Luciano (1962): *Refranero asturiano*. Oviedo: Diputación de Oviedo.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns (correspondencias en castelán e francés)*. Vigo: Galaxia.
- DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. (<https://academia.gal/diccionario#inicio.do>).
- FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. Vigo: La Voz de Galicia – Editorial Galaxia.
- FONTANA TOUS, Joan (2018): “*Quen guarda, faya*. Aproximación a los refranes mínimos asturianos”, en *Archivum* 68, 61-91.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2003): “*Més ençà o més enllà, la Quaresma en març caurà*. Refranes romances del mes de marzo”, en *Paremia* 12, 41-54.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2004): “*Dos de febrero*. Refranes romances de la Candelaria y meteorología popular”, en *Paremia* 13, 109-124.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2012): “*Do ALGa a BADARE*. Refráns do calendario e meteorolóxicos, xeoparemioloxía galega e romance”, en *Novas achegas ao estudo da cultura galega II*, Univesidade da Coruña, 411-420.
- GIPPINI ESCODA, Enrique (1994<sup>4</sup>): *Refraneiro galego (escolma)*. Sada – A Coruña: Edicións do Castro.
- IGLESIA, Antonio de la (1886): *El idioma gallego, su antigüedad y vida* (Tomo III). La Coruña: La Voz de Galicia.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1983): *Refraneiro galego*. Vigo: Edicións Castrelos.
- MACHADO, José Pedro (2011<sup>4</sup>): *O grande libro dos provérbios*. Alfragide: Casa das Letras.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1995 [1953]): *Refranero general ideológico español*. Madrid: Librería y Casa Editorial Hernando, S.A.

- MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home*. Lugo: Reprografía Alvarellos.
- MOREIRAS SANTISO, Xosé (1978<sup>2</sup>): *Os mil e un refráns galegos da muller*. Lugo: Reprografía Alvarellos.
- MURGUÍA, Manuel (1865): *Historia de Galicia (Tomo primero)*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- PAREMIOROM = *Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio*. (<http://stel.uv.edu/paremio-rom/es/refranes>).
- RÍO CORBACHO, Pilar (2010): “Contribución galega a BADARE. Refráns meteorolóxicos con animais”, en GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (co colaboración de BASTARDAS, Maria-Reina; FONTANA i TOUS, Joan; TORRES TORRES, Antonio): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona, 67-81.
- RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- RODRÍGUEZ IGLESIAS, Francisco (ed.) (2000): “Refráns e ditos”, en *Galicia. Antropoloxía – Imaxinario. Literatura popular. Volume XXVIII*. A Coruña: Hércules de Ediciones, S.A.
- RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco (1896): *Los refranes del almanaque*. Sevilla: Imp. de Francisco de P. Díaz.
- SACO Y ARCE, Juan Antonio (1987): *Literatura popular de Galicia (colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos)*. Porriño: Diputación provincial de Ourense.
- SCHWAMMENTHAL, Riccardo; STRANIERO, Michele L. (1991): *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: Rizzoli.
- SESTO LÓPEZ, Xosé (1976): *Refraneiro da muller*. Vigo: Edicións Castrelos.
- SOBREIRA, FR. Juan (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Orense: Instituto de Estudos Orensanos “Padre Feijoo”.
- SOLLA, Carlos (2009): *Andar primeiro de río (Inmateriais do río dos Gafos)*. Pontevedra: Concello de Pontevedra.
- SOTOARIAS, M<sup>a</sup> do Rosario (2003): *Achegas a un diccionario de refráns galego-castelan, castelán-galego. Cadernos de Fraseoloxía Galega 3*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego. Cadernos de Fraseoloxía Galega 2*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega 5*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

- VENTÍN DURÁN, José Augusto (2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega (Anexo 1)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VIEJO FERNÁNDEZ, Xulio (2012): *Parecias populares asturianas (Estudio, clasificación y glosa)*. Instituto Cervantes, Biblioteca Fraseolóxica y Paremiolóxica, Serie «Monografías» n.º 4.
- ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.